

ACTA DE EXAME E VALORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA A “EQUIPO HUMANO PROYECTOS EMPRESARIALES SL”, EMPRESA LICITADORA DO LOTE 6, PLATAFORMA INFORMÁTICA E COMUNICACIÓNS DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN DO SERVIZO DE ACCIÓNS FORMATIVAS DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DOS CONCELLOS DE AMES E BRIÓN 2023-2024 (7 lotes) TRAMITADO MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO.

Os asinantes deste documento declaran expresamente que non se atopan en ningunha situación susceptible de xerar conflito de intereses en relación co contrato a que se fai referencia neste documento, e que informarán sen dilación ao órgano de contratación de calquera situación que constitúa ou poida dar lugar a un conflito de intereses; son coñecedores de que un conflito de intereses pode formularse, en particular, por razóns de intereses económicos, afinidades políticas ou territoriais, razóns familiares ou afectivas ou calquera outro interese compartido, que puidese chegar a comprometer a imparcialidade no procedemento de contratación en cuestión.

Expediente GD 3651_3659/2024

Na Casa Consistorial de Ames o 8 de maio de 2024 reúnese a Mesa de Contratación designada para o exame e valoración da documentación requirida á empresa EQUIPO HUMANO PROYECTOS EMPRESARIALES SL en relación á documentación presentada no Sobre A para o **Lote 6 PLATAFORMA INFORMÁTICA E COMUNICACIÓNS**, lote integrante do expediente de licitación das ACCIÓNS FORMATIVAS DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DOS CONCELLOS DE AMES E BRIÓN (7 lotes).

ASISTENTES:

Presidenta:

Susana Señorís Rodríguez, Concelleira delegada de Servizos Económicos

Vogais:

Concepción Vilas Cantelar, Secretaria accidental.

Margarita Fernández Sobrino, Interventora municipal.

Emilio Garrido Moreira, Técnico de EDUSI do Departamento de Contratación.

Actúa como **Secretaria** do acto **M. Isabel Quintáns Rios**, Auxiliar administrativo do Departamento de Contratación.

A Mesa de Contratación en sesión celebrada el día 25.04.2024 con motivo da apertura do Sobre A e Sobre B correspondente ao Lote 6 denominado Plataforma Informática e Comunicacóns adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- *Trasladar a empresa **EQUIPO HUMANO PROYECTOS EMPRESARIALES SL** con B-98098767 requirimento de subsanación para que nun prazo de **tres (3) días hábiles** achegue a seguinte documentación:*

- Certificación do Esquema Nacional de Seguridade a nivel medio

Dito acordo foi trasladado á empresa o 29.04.2024 tanto a través da sede electrónica municipal como a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, dispoñendo ata o 06.05.2024 para aportar a citada documentación.

Unha vez finalizado o prazo de presentación a empresa non achega a documentación solicitada, polo que non cumpre con un dos requisitos establecidos para o Lote 6 como é o de dispor da Certificación do Esquema Nacional de Seguridade de nivel medio

A vista do exposto, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes **ACORDA:**

Primeiro.- Propoñer ao órgano de contratación a EXCLUSIÓN do Lote da empresa EQUIPO HUMANO PROYECTOS EMPRESARIALES SL por no aportar a documentación requirida en prazo.

Segundo.- Propoñer ao órgano de contratación a declaración de DESERTO do Lote 6, Plataforma Informática e Comunicaci3ns ao non existir ningún licitador mais interesado no procedemento, unha vez excluída a empresa EQUIPO HUMANO PROYECTOS EMPRESARIALES SL.

E non habendo máis asuntos que tratar deuse por rematado o acto, do que se expide a presente acta, que en proba de conformidade, asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretaria das mesa, certifico.